

## LISTA DE ASISTENTES

Alonso Vega, Flora  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Iglesias, Manuel  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
Martínez Martín, M<sup>a</sup> José  
Mejuto Fernández, Juan Carlos  
Pena Uris, Gloria M.  
Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
Zas Varela, Mónica

## DESCULPA ASISTENCIA

González Santamaría, Pedro

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 28 de febreiro de dous mil dezaoto, convocada para as 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na salas de videoconferencia de:

- Vigo: Local UVigoTV, Praza Miralles, Local A3A
- Ourense: Servizos Centrais Multimedia. Biblioteca Central, Segunda planta
- Pontevedra: Servizos Centrais Multimedia, Facultade de Ciencias Sociais, 1º planta, Seminario 5

O día **28 de febreiro de 2018** ás 10.05 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 8 de febreiro de 2018.
2. Resolución das reclamacións aos censos provisionais das eleccións a reitor/a e Claustro.
3. Aprobación, se procede, dos censos definitivos para as eleccións a reitor/a e Claustro.
4. Aprobación, se procede, do número de claustrais por sector que corresponden en cada circunscrición.
5. Sorteio da letra pola que se deberá iniciar as papeletas de votación cos nomes dos candidatos/as para a elección de membros do Claustro (Art.29 do Procedemento para a elección de membros do Claustro).
6. Sorteio dos membros do PAS que deberán integrar a Mesa Electoral da Reitoría (Art. 24.2 do Procedemento para a elección de membros do Claustro e Art. 20.2 do Procedemento para a elección de reitor/a).
7. Delegación na secretaria da Comisión Electoral, se procede, da proclamación provisional de candidatos a reitor/a e a membros do Claustro Universitario.
8. Asuntos varios.
9. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 8 de febreiro de 2018.

Non se presentan alegacións á acta, excepto unha corrección na lista de asistentes, na que hai que incluír a Flora Alonso Vega.

**Punto 2.** Resolución das reclamacións aos censos provisionais das eleccións a reitor/a e Claustro.

Explica o presidente que, xunto coa acta, foron remitidos os documentos nos que se recollen as reclamacións presentadas aos censos provisionais, agrupadas por sectores. Destaca que a maioría das correspondentes ao PDI-A e ao PAS son por figurar nun centro distinto do que corresponde actualmente, mentres que no caso do PDI-B son por non figurar no censo. No documento constan as reclamacións que foron aceptadas, polo que non se entra ao seu tratamento. Cede a palabra á secretaria xeral que dá conta das reclamacións que se propón desestimar; tres das cales corresponden a presentacións fóra de prazo e outras sete corresponden a investigadores con cargo a proxectos con duración á requirida polo acordo de Consello de Goberno de 2010 que interpreta os artigos 32 e 57 dos Estatutos da UVigo e que di: “ *son electores e elixibles o persoal contratado con cargo a proxectos de investigación que poidan acreditar*

*unha vinculación coa Universidade de Vigo superior a un ano, dentro dos últimos dezoito meses e con dedicación polo menos a media xornada”.*

Tras valorar os casos, acórdase aceptar a proposta de desestimación realizada por Secretaría Xeral, excepto nun dos casos: na reclamación presentada por David José Figueroa Garrido. O profesor Jorge Bravo pon de manifesto que, cos datos que constan na documentación, parece que si cumpre os criterios. Tras verificar que os datos son correctos, e que se trata dun erro de interpretación, acéptase esta reclamación.

Acórdase delegar na secretaría a revisión de todas as denegacións para verificar que non exista outro erro similar e, no seu caso, aprobalo de oficio.

Analízanse a continuación os casos que na documentación constan como dubidosos e pendentes de decisión pola comisión. O presidente indica que se trata de casos de persoal técnico de apoio que solicita a súa inclusión no sector PAS, con base á interpretación dos artigos 32 e 57 apartado d) relativo ao Persoal de Administración e Servizos, que indica

- *Pertencer a corpos, escalas ou prazas de funcionarios de carreira ou interinos en situación de servizo activo, ou ás categorías de persoal laboral establecidas no correspondente convenio colectivo ou na lexislación laboral de aplicación.*
- *Contratos derivados de convocatorias do Ministerio: Técnicos de I+D e Infraestruturas (exclúense aqueles técnicos contratados con cargo a proxectos de investigación)..*
- *Tecnólogos: Lucas Labrada e Isabel Barreto.*

Engade o presidente que, de estar acollido o persoal técnico a unha destas categorías, a súa inclusión no PAS sería automática. Os reclamantes corresponden a situacións que o servizo de PAS non considera claramente incluídas nas anteriores, polo que cumpre que a comisión dilucide. A secretaria indica que, a pesar de que neste caso non se indica ningún requirimento de duración dos contratos, coma no caso do PDI-B, para apoiar a decisión da comisión, solicitouse información da mesma.

Establécese un intercambio de opinións, intentando delimitar as diferenzas entre persoal investigador e técnico de apoio.

O presidente da comisión explica que se fora o caso de persoal contratado con cargo a unha convocatoria de proxectos de investigación, integrando o equipo investigador, serían considerados como PDI-B, xa que o seu contrato está directamente vencellado ao desenvolvemento de dita investigación. Pero neste caso, con contratados con cargo a convocatorias do Ministerio ou da Xunta específicas para persoal técnico de apoio para actividades como, por exemplo, de internacionalización ou para a xestión de infraestruturas existentes nas universidades e, polo tanto realizan tarefas de PAS. Os casos concretos que se presentan foron contratados en convocatorias asimilables as que se recollen no apartado “d” do acordo, pero non son idénticas, polo que é necesario que a Comisión decida.

Federico Fernández manifesta o seu desacordo con esta valoración, porque estas figuras serían asimilables ao PAS-L, e no convenio laboral as exclúe de xeito expreso, só se recollen as que figuran no acordo de Consello de Goberno. Polo tanto, non pode asumir ningunha outra figura que non cumpra ditas condicións, xa que os incluíría no censo de PAS, e o recoñecemento de pertencer a este sector podería levarlos a reclamar dereitos que non lle corresponden.

Explica a secretaria que a comisión lle corresponde aclarar a normativa electoral nos puntos que non queden claros, e decidir a o respecto da capacidade de exercer o dereito a sufraxio nun determinado sector, pero non ten competencia para atribuír outros dereitos.

O profesor Mejuto Fernández indica en que se trata de cuestións máis ben semánticas, xa que os programas Lucas Labrada, e Isabel Barreto xa non existen, e xunto cos recortes, na actualidade as figuras equivalentes se desenvolven a través de convenios. Estima que non debería realizarse unha lectura restritiva do artigo, como non se fai noutros casos. O Sr. Federico Fernández indica que a actualización das figuras debería terse realizado anteriormente, modificando o acordo actual, de xeito que non houbera problemas.

O presidente subliña a necesidade básica de garantir o dereito ao sufraxio nestas eleccións de todas as persoas que teñen unha vinculación estable coa universidade, polo que haberá que adaptar as figuras que aparecen no acordo do Consello de Goberno á situación actual de xeito que se permita.

Tras un novo intercambio de opinións, Federico Fernández propón unha transaccional, na que se acepten estas reclamacións pero facendo constar que constan no censo de PAS exclusivamente para as eleccións de reitor e claustro, que non supón o recoñecemento de dereitos laborais.

Engade o profesor Mejuto Fernández, que iso xa acontece co persoal contratado con cargo a proxectos de investigación, que se incorporan ao censo de PDI-B a efectos electorais, pero sen atribucións de dereitos.

Polo tanto, acórdase estimar favorablemente as reclamacións atendendo ao criterio de similitude de figuras, pero a o tratarse dunha resolución da comisión electoral que será comunicada a cada unha das persoas interesadas, engadiráselle un texto no que se indique que *“Dita estimación ten efectos exclusivos para estes procesos electorais, non producindo ningún outro dereito laboral nin de representatividade sindical, de acordo co establecido no apartado 3 do Convenio Colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo”*.

O profesor Mejuto Fernández solicita que se inclúa na acta a necesidade de actualizar as figuras que aparecen, modificando oportunamente a normativa.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, dos censos definitivos para as eleccións a reitor/a e Claustro.

Consecuentemente, apróbanse os censos definitivos coas inclusións acordadas no punto anterior.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, do número de claustrais por sector que corresponden en cada circunscrición.

Explica o presidente da comisión que na documentación achegada fanse constar os cálculos realizados a partir do total de membros de cada sector e o número de postos que lles corresponden. Explicanse os redondeos realizados en cada un dos sectores.

O profesor Mejuto Fernández expón que non lle parece axeitado o agrupamento de centros que se realiza no caso do PDI-B, xa que hai agrupamentos aos que lles corresponde só un representante, o que coarta as posibilidades das minorías. Polo que recomenda que se tivera en conta e se modifique a distribución, realizando menos grupos pero con máis centros, para que o número de representantes mínimos sexan tres.

Explica a secretaria que a proposta de agrupamento de centros realízase cos números do censo anterior, intentando que os números quedaran equilibrados e, no caso de algúns campus, tamén se tivo en conta a proximidade entre os centros foi tida en conta.

Tras un intercambio de opinións, lembra a secretaria que a propostas poden ser tidas en conta, pero para o futuro, xa que o agrupamento de centros para definir as circunscricións do PDI-B é aprobado no Claustro universitario antes da convocatoria do proceso electoral, como recolle o Regulamento de Réxime interno

do Claustro. E subliña que se realiza sen números, porque o censo se actualiza como primeiro paso do proceso electoral. Polo que é competencia da Comisión Electoral a determinación do número final de representantes que corresponden a cada circunscrición.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.** Sorteio da letra pola que se deberá iniciar as papeletas de votación cos nomes dos candidatos/as para a elección de membros do Claustro (Art.29 do Procedemento para a elección de membros do Claustro).

Realízase o sorteio de dúas letras para evitar que en apelidos moi comúns comece sempre polo A, o resultado é:

1ª letra: G

2ª letra: U

**Punto 6.** Sorteio dos membros do PAS que deberán integrar a Mesa Electoral da Reitoría (Art. 24.2 do Procedemento para a elección de membros do Claustro e Art. 20.2 do Procedemento para a elección de reitor/a).

Como é habitual sortéanse as letras para a elección dos membros do PAS a partir da lista cos seus nomes para integrar a Mesa da Reitoría. O resultado do sorteio é o seguinte:

1ª letra: U

2ª letra: M

**Punto 7.** Delegación na secretaria da Comisión Electoral, se procede, da proclamación provisional de candidatos a reitor/a e a membros do Claustro Universitario.

Explica o presidente que, como é habitual, proponse esta delegación para a proclamación provisional de candidaturas o día 15 de marzo, despois do cal se abre un prazo de reclamación ás candidaturas provisionais (entre o 16 e 19 de marzo). Lembra que o día 22 de marzo, como xa se acordara, reunírase novamente a comisión electoral para a resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais ás eleccións a Reitor e Claustro e para realizar a proclamación definitiva de candidatos.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.** Asuntos varios.

A secretaria xeral dá conta de dúas peticións formuladas na xuntanza anterior. Nunha se pedía a modificación das papeletas do reitor en función da sentenza emitida polo xuíz nas eleccións anteriores. Explica que a sentenza fai referencia á interpretación do reconto das papeletas, non ao seu contido, polo que non ten sentido o seu cambio.

En segundo lugar, solicitárase que o anexo da Reitoría figurase como edificio independente, pero ao votar todo o persoal nunha única mesa na Reitoría que inclúe “servizos centrais” polo que se consideraba que se xa está incluído.

**Punto 9. Rogos e preguntas.**

Flora Alonso apunta dous erros nos nomes que aparecen nas reclamacións que foron estimadas, concretamente: non figura o nome de pila de Quintáns Graña, e tamén indica que o seu nome figura Flor en lugar de Flora.

Lembra tamén que o profesor Pedro González preguntara pola posibilidade de participar na xuntanza a través de Adobe Connect, indica que non hai ningún problema, pero que convén solicitalo para ter todo disposto.

O presidente lembra tamén que, de non haber problemas que obriguen a convocar de urxencia a Comisión, a próxima xuntanza está prevista para o día 22 de marzo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:10 h do día 28 de febreiro de 2018, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M<sup>a</sup> Pena Uris